

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE

MARZO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2012

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2012.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cambre

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, expón que, como se dixo onte nas comisións informativas, acordaron retirar da orde do día a aprobación desta ordenanza, debido a que o informe dos servizos técnicos municipais non é compatible co criterio técnico da Xunta de Galicia. A discrepancia deriva, basicamente, do concepto de venda ambulante.

Explica que agora mesmo hai un baleiro legal, e con esta ordenanza estanse adiantando á regulación concreta que sobre ese aspecto vai facer a Xunta de Galicia mediante un decreto que sairá nas vindeiras datas. Por isto, decidiron pedir unha directriz á Xunta, que precisamente chegou hoxe, despois de que onte xa retiraran da orde do día este asunto.

Conclúe dicindo que a ordenanza quedará para o seguinte pleno.

3º Proposta de aprobación provisional de imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, así como da súa Ordenanza fiscal reguladora

O Sr. alcalde explica que como consecuencia da decisión de retirar da orde do día a aprobación da Ordenanza de venda ambulante, este punto, referido á imposición e ordenación da correspondente taxa, tamén se retira da orde do día.

4º Proposta de resolución do recurso de reposición interposto pola empresa “Eptisa, Servicios de Ingeniería, S.L.” contra a desestimación da solicitude de recoñecemento extraxudicial de créditos, segundo o acordo adoptado polo pleno o 22 de decembro de 2011

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, de data 22 de marzo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo, de data 27 de marzo de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica, para que a xente saiba do que están falando, que a empresa que estaba contratada hai uns anos polo concello para a redacción do Plan xeral, unha vez que se lle rescindiu o contrato, presentou unha serie de facturas por uns traballos que eles consideraban que se fixeran para o concello, sen xustificar que realmente se tiveran feito. Di que no concello non consta nin que teñan presentado eses traballos, nin consta que o que eles din sexan traballos para o concello.

Lembra que xa se trouxo a pleno nunha ocasión a resolución desta reclamación de cantidade, xa se desestimou, e agora a empresa presentou un recurso. Do que se trata é de votar, outra vez, se estiman ou non a reclamación que fan.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta, en primeiro lugar, que lle gustaría facer unha apreciación con respecto ao que dixo a concelleira de Economía anteriormente sobre a Ordenanza de venda ambulante. Quere

deixar claro que é o goberno o que decidiu retirar eses dous puntos da orde do día, non a Corporación. Di que é unha simple apreciación.

Tanto a concelleira de Economía como o Sr. alcalde recoñecen a dita apreciación.

A continuación don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto de abstención emitido na comisión informativa respecto da reclamación de Eptisa, e van votar a prol da proposta da concelleira.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que só quere lembrar que esa reclamación que fai a empresa Eptisa supón 36.327,77 euros para o Concello de Cambre, polo que o seu grupo tamén está de acordo en desestimar o recurso interposto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Desestimar o recurso de reposición formulado coa data do 13 de febreiro de 2012 por “Eptisa, Servicios de Ingeniería, S.L.”, contra o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre coa data do 22 de decembro de 2011, de desestimación do recoñecemento e pagamento da cantidade de 36.327,77 euros a través do oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, isto baseado en que, tal e como consta nos informes emitidos polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior coa data do 19 de marzo de 2012 e o emitido conxuntamente polos departamentos de Secretaría e Intervención o día 22 de marzo seguinte, o escrito de recurso non desvirtúa os motivos expresados no acordo plenario do 22 de decembro de 2011, dado que se refire a aspectos que non constitúen obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, sen que se acheguen datos que permitan constatar nin a efectiva realización dos traballos cuxo pagamento se demanda nin a súa valoración obxectiva, nin se expoñen nin desenvolven no escrito de recurso criterio ou argumento ningún para poder revisar o acto recorrido.

Segundo: Dar traslado dos presentes acordos, xunto coa copia dos informes técnicos emitidos, á empresa “Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.”, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Emilio Muñoz n.º 35-37, edificio I, primeiro andar, 28037 Madrid, con indicación dos recursos que procedan.

Terceiro: Reiterarlle á antedita empresa que ten ao seu dispor, para o seu exame e consulta, a documentación presentada en execución do contrato para redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre, e para cuxa consulta deberá dirixirse, para os efectos de obtención de cita previa, ao departamento de Urbanismo do Concello de Cambre, sito na rúa Adro n.º 1, 15660 Cambre (A Coruña), telf. 981 613

128, ou ben mediante a dirección de correo electrónico urbanismo@cambre.org.

5º Moción do grupo municipal de UxC respecto da modificación da asignación da dotación económica aos grupos políticos municipais

Vista a moción do grupo municipal de UxC, rexistrada ao núm. 3972 o día 22 de marzo de 2012, en substitución da presentada o día 19 de marzo de 2012, co núm. 3712, e que consta do seguinte teor literal:

“A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 73, parágrafo 3 dinos que:

3. O pleno da corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de orzamentos xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial....

O grupo municipal de UniónxCambre rexeitou a proposta do goberno municipal referente á suba do 100% das asignacións aos grupos políticos representados neste concello no pleno extraordinario do 26 de xaneiro no que se trataron os orzamentos para o anos 2012.

Vendo que o resto dos grupos políticos tamén negaron ter solicitado este incremento, o grupo municipal de UniónxCambre propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Modificar a asignación aos grupos municipais fixándoa no importe inicial do acordo plenario do día 12 de xullo de 2011:

Asignar a cada grupo político que compón a corporación unha dotación económica co fin de colaborar nos gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da súa actuación como grupo político municipal, cos seguintes criterios de reparto:

- a) Compoñente fixo de asignación: 2000 €/ano*
- b) Compoñente variable: 1000€/ano por cada membro do grupo”*

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 27 de marzo de 2012.

Intervén a secretaria da Corporación para informar que, no día de hoxe, rexistrouse de entrada ao núm. 4252 un voto particular do grupo municipal do Partido Popular, que propón a modificación do ditame emitido pola comisión informativa.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que lle gustaría comezar facendo algún tipo de aclaracións dirixidas aos cidadáns. Primeiro, en relación coa moción que presenta UxC, non é certo que dos orzamentos se teña detraído nin un só euro do gasto directo aos cidadáns. A decisión que se adopta a través dos orzamentos de incrementar a subvención destinada aos grupos políticos, non é máis que unha transferencia entre partidas coa mesma vinculación xurídica. O importe global do gasto destinado ao custo do político nesta Corporación, incluídos os eventuais, é o mesmo antes que despois dos orzamentos, coa única diferenza que se redistribuíu o gasto existente entre goberno e oposición, axustándose con iso, de forma mellor, á realidade saída das urnas, e a un maior número de grupos políticos na oposición que no goberno. E este amplo pluralismo, que é peculiar deste concello, é algo que quixeron así os cidadáns nas urnas. Di que non van ser eles os que critiquen ao goberno municipal por esa medida.

Como segunda aclaración, di que o Concello de Cambre non ten un elevado custo de funcionamento institucional, como así o puxeron de manifesto nas últimas semanas os medios de comunicación. O custo das subvencións aos grupos, e así llelo lembra no seu voto particular o grupo popular, representa á penas entre o 0,2 e o 0,4 do total do gasto nos orzamentos.

Ese custo xa se axustou no pleno da Corporación no que se mantivo a subvención aos grupos aprobada no pleno de 13 de xullo de 2009 pola Corporación anterior, co voto a prol do grupo popular, xa durante a crise. Di que é verdade que deste axuste o grupo de goberno tratou de levar a auga para o seu muíño, e sacar proveito mediático do peculiar equilibrio de forzas no concello entre oposición e goberno, envolvéndose na bandeira do axuste, inaugurando a liña demagóxica que hoxe os concelleiros de UxC continúan.

Unha terceira aclaración fai referencia a que a moción que hoxe lles presenta UxC non pretende mellorar a vida dos cidadáns, non hai previsto na moción ningún destino para eses recursos, agás que a intención de UxC sexa deixar á libre vontade do equipo de goberno a decisión sobre o seu destino. Pregúntalle ao voceiro de UxC se non se lembra que foi el quen durante o pleno dos orzamentos dixo que, a pesar de non estar de acordo co incremento, non ía renunciar a el para evitar que fose o goberno quen manexase eses recursos. Di que esa renuncia respecto do destino, significa renunciar a calquera tipo de influencia sobre a realidade social, o cal, por outro lado, é impropio dunha forza política con vocación de goberno. Hai unha completa despreocupación na moción respecto do destino dos fondos aos cales propoñen que todos os membros da Corporación renuncien, nin sequera insinúan un destino social, como podería ser de esperar nun partido que se di de esquerdas. Esa despreocupación polo destino fai que eles se pregunten pola inconfesable finalidade desta proposta: a mera estética, o efecto mediático, o cálculo partidista,

Dille aos concelleiros de UxC que a liña que separa a actitude moralizante e pedagóxica, á que están obrigados os políticos, da demagogía, é moi fina, tan fina, que o perigo está en que en ocasións, como nesta, se traspasa con facilidade. Dilles que non

agarden que dende o Partido Socialista lles aplaudan o se sumen cegamente sen crítica a esta iniciativa. Se algo define ao seu partido é unha contrastada vocación de antepoñer os intereses xerais ao cálculo partidista, non está na súa tradición a adopción de decisións baseadas unicamente no interese electoral. Por iso, fronte á demagogia, hoxe, aquí no pleno, e ante os cidadáns, queren facer algo de pedagogía. Di que non van a repetir ante os cidadáns o bochornoso espectáculo que viviron no pasado debate dos orzamentos, e onte mesmo na comisión, de ver aos seus representantes tirarse os trastos á cabeza. Non van a colocar á política no centro das iras e a rabia dos cidadáns. Non van intentar manipular aos cidadáns sinalando unha falsa causa aos seus problemas, chámense coches oficiais, cadeiras, subvencións a grupos, e incluso o propio Zapatero, nin van a crear falsas esperanzas de resolución, con inútiles xestos que só crean frustración, pero que lles resultan útiles aos políticos porque lles permiten ocultar a súa dificultade para atopar solucións. Di que non van a participar en campañas de desprestixio da clase política, dos sindicatos, e quizais nas próximas semanas dos parados deste país, nin lle van seguir o xogo á dereita económica. Pola contra, van explicar que a democracia representativa e plural é, hoxe por hoxe, o menos malo dos sistemas. Que o pluralismo ten custos, que os grupos políticos precisan de financiamento para facer fronte ás súas actividades, campañas, boletíns, asesoramento aos cidadáns. Que asegurar a todas as opcións, tamén ás minoritarias, unha subvención, non busca outra cousa que a igualdade de oportunidades entre as forzas políticas, pois doutra forma, só aqueles grupos pertencentes ás elites económicas, ou dos privilexiados que cobran unha prexubilación, poderían subsistir. Isto último dino non con intención de rirse, senón que o din porque é o caso que se produciu nun municipio desta comunidade autónoma.

Di que hoxe van votar a prol, pero non porque compartan a moción, non por seguirilles o xogo, senón para tratar de que solten, e pide perdón pola expresión, quizais malsoante, a teta da demagogia, que pasen páxina e se poñan a traballar. Traen a este pleno temas de importancia, a Vía Ártabra, a reforma laboral, a situación dos traballadores das garderías infantís, a proposta de construción dun centro polivalente de servizos no Temple, e fíxense no paradoxo, se non chega a ser pola folga xeral, é posible que mañá, nos medios de comunicación, só se falase das asignacións aos grupos.

Conclúe dicindo que lle parece que iso lles debería facer reflexionar, o quizais, ao mellor, é o que UxC pretende coa moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, tendo en conta o que se ten aprobado nos orzamentos, vai apoiar a moción de UxC.

Di que o seu grupo tamén ten presentado outra moción nese sentido, que consideran máis completa, onde xustifican a que se ten que destinar ese diñeiro, ese diñeiro que eles non pediron, e do que votaron en contra. Eles concretan que debe destinarse á creación de emprego.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta o seu total apoio á moción presentada por UxC. Xa o día que se aprobaron os orzamentos el amosou a súa disconformidade co aumento da dita partida, dado os tempos nos que están e o axuste que houbo noutras partidas. Ratifícase no mesmo, xa que, dende logo, pola súa parte non se solicitou ese incremento.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el xa dixo na comisión informativa que, efectivamente, todos están de acordo en que a situación social é bastante grave, e a súa proposta nesa comisión, aínda que non estea recollida en acta porque el non forma parte desa comisión, foi que non só se baixe o 50% para destinar a temas de emprego, etc., senón que se quite o 100%, é dicir, que non se reciba subvención do concello por parte de ningún grupo político. Que cada grupo político se manteña coas asignacións ou participación dos seus afiliados.

El pode entender que é necesario que os grupos teñan algo para poder traballar para os veciños de Cambre, pero entende que, aínda así, poden eliminar esta partida.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que agradece ao Partido Socialista que, en principio, apoien a moción. Agora ben, a palabra demagogia, interese xeral, sempre aparece nos grandes partidos. UxC xamais se ten definido como un partido de esquerdas, o único que dixeron é que son un partido de Cambre e independente, e sempre dixeron que queren que as cousas se fagan en Cambre, porque se consideran, primeiro, veciños de Cambre. Dálles igual que o faga a dereita, a esquerda ou o centro, o que queren é que as cousas se fagan, e así o teñen apoiado ata agora, e seguirán a facelo baixo o seu criterio, que é o criterio assembleario dun partido.

Di que é verdade que poderían ter redactado a moción moito mellor, pero o que queren é que o espírito da moción prevaleza por riba das palabras, e así cre que o resto dos grupos tamén o entenderon. De todas formas, respecto deses 33.000 euros que eles din que o goberno municipal lles regalou de motu propio, segundo todos os partidos da oposición non os pediu ninguén, eses 33.000 euros teñen que levar consigo unha modificación orzamentaria, e esa modificación ten que vir a pleno, polo tanto, é aí, nas comisións, onde poden discutir a onde deben ir eses 33.000 euros, por iso non o incluíu na moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, como xa se dixo, o seu grupo presentou un voto particular a esta moción que está en sintonía co que onte propuxo o seu compañeiro de goberno do Partido Galeguista Demócrata, e que consta do seguinte teor literal:

“O grupo municipal de UniónxCambre presentou o pasado 19 de marzo unha proposta de moción para modificar os importes das asignacións aos grupos municipais aprobados no Orzamento xeral do noso concello para o ano 2012. O noso grupo non pode estar máis de acordo coa proposta, xa que os políticos e os responsables públicos debemos ser

os primeiros en dar exemplo de austeridade á cidadanía e máis en tempos de crise como a actual. Por este motivo o goberno do que forma parte o noso grupo propuxo ao comezo da lexislatura que os gastos municipais nos salarios do goberno se reduciran en aproximadamente 55.000 € con respecto aos da pasada lexislatura, sendo o alcalde de Cambre o que menor custo por habitante lle supón aos seus veciños en todos os concellos do contorno e, con diferenza, o que menos salario percibe de todos os concellos da provincia de similares dimensións ao noso. Neste mesmo senso, todo o persoal laboral e funcionario do Concello de Cambre renunciou á gratificación de Nadal para que eses fondos foran destinados ás persoas máis desfavorecidas.

Na sesión ordinaria das comisións informativas de onte, o concelleiro do grupo mixto e membro do goberno municipal, Manuel Marante, propuxo que con motivo da crise actual, da austeridade e das necesidades que teñen os servizos sociais municipais as asignacións aos grupos municipais da Corporación se eliminaran e que eses cartos se destinaran a cuestións sociais. O noso grupo manifestou o seu acordo e propuxo a votación desta proposta na comisión, se ben a maioría dos membros desta se decantaron pola proposta de UxC.

O Orzamento xeral do Concello de Cambre atribúe a cada GM unha asignación orzamentaria para os seus gastos ordinarios. Desta forma, os distintos GM terían que percibir para o ano 2012 as seguintes cantidades:

| | |
|------------------|----------|
| Partido Popular: | 18.000 € |
| PSOE: | 14.000 € |
| UxC: | 10.000 € |
| EU: | 8.000 € |
| BNG: | 8.000 € |
| Grupo Mixto: | 8.000 € |

Estas cantidades fan un total de 66.000 € anuais que todos os grupos municipais percibirían ao longo do ano para os seus gastos ordinarios, un 0,4% do orzamento municipal.

A proposta de UxC suporía a seguinte distribución orzamentaria:

| | |
|------------------|---------|
| Partido Popular: | 9.000 € |
| PSOE: | 7.000 € |
| UxC: | 5.000 € |
| EU: | 4.000 € |
| BNG: | 4.000 € |
| Grupo Mixto: | 4.000 € |

O que faría un total de 33.000 € anuais para todos os grupos, un 0,2% do orzamento municipal.

En ambos os dous casos o grupo do Partido Popular sería o que máis asignación percibiría porque tamén somos o grupo con maior representación nesta Corporación. Calquera redución que se faga nas asignacións, en consecuencia, prexudicaría máis notablemente ao noso grupo que aos demais.

Estando no goberno ou na oposición, da que vimos non hai moito tempo, parécennos excesivas as asignacións atribuídas aos partidos políticos. Os poucos gastos que pode ter un grupo municipal no seu traballo ordinario, no goberno ou na oposición, poden paliarse cos medios materiais a disposición de todos nos locais situados nas proximidades do concello ou incluso cos propios medios materiais e persoais do concello. Cada concelleiro, pola súa banda, percibe o salario, axudas de custo ou indemnizacións en función da súa responsabilidade no goberno ou na oposición.

Por este motivo, presentamos a este pleno para a súa aprobación, se procede, o seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Modificar o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda ao respecto da moción de UxC para a diminución das asignacións orzamentarias aos grupos municipais, cuxo acordo quedaría redactado da seguinte forma:

Os grupos políticos integrantes na Corporación municipal do Concello de Cambre non percibirán ningunha asignación orzamentaria para os seus traballos ordinarios. O goberno de Cambre presentará na próxima sesión ordinaria do pleno da Corporación do mes de abril de 2012 unha proposta de modificación de crédito, co fin de que os 66.000 € consignados actualmente para as asignacións aos grupos municipais se destinen a fins sociais.”

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que é curioso, xa que a moción do seu grupo ven dada porque nos orzamentos de hai escasamente dous meses, o goberno municipal aquí presente decidiu subir un 100% as asignacións aos grupos políticos. Agora parece que foi a oposición a que decidiu subilos, despois de que onte o Sr. Marante, que quen o viu e quen o ve, pedira que non se cobrara nada. Iso está moi ben, porque no goberno xa se cobra bastante e, polo tanto, non necesitan ese diñeiro que necesitan o resto de grupos políticos.

Di que a situación é grave e parece que o grupo de goberno o acaba de descubrir onte pola tarde, ata agora non se tiña enterado. Hai dous meses parece que non o era.

En canto á austeridade en tempos de crise, di que claro que están de acordo, precisamente por iso trouxeron esta moción, e cren que é na xusta medida.

O voto particular do PP fala de que os gastos dos grupos poden paliarse cos medios materiais nos locais, e parécelle mentira que llelo digan a eles, a UxC, que leva 9 meses sen local municipal, 9 meses denunciando que son o único grupo político, xunto co

partido do Sr. Baamonde, que non teñen local para exercer o seu labor de oposición. Na xunta de voceiros onde trataron o pleno dos orzamentos dixéronlle que esa semana tiñan o local, o resto de voceiros son testemuñas diso, pero a sensación que ten el é que, como votaron en contra dos orzamentos, a día de hoxe aínda non o teñen, e agora din que con iso se pode paliar, cre que iso é de desvergonzados como mínimo.

Di que coa proposta do goberno, que está actualmente en vigor, e que se aprobou nos orzamentos, o PP cobra 224.000 € entre soldo de alcalde e seis concelleiros (sen incluír ao Sr. Marante), máis 18.000 € de asignacións como grupo político. Se agora retirasen eses 18.000 € suporíalles un 8%. Mentres, o seu grupo, cos seus tres concelleiros, cobra, aproximadamente, 14.400 € anuais, máis 10.000 € dos cales 5.000 regaloullelos o goberno, ou sexa, 24.400 € en total. Se agora lles retiran eses 10.000 € suporía o 41% do que percibe UxC. Se analizan a proposta que fai UxC na moción, ao PP 9.000 € menos suporíalle o 4%, a UxC o 26%.

El persoalmente estaría de acordo, non quere dicir que UxC o estea, porque todos saben que son decisións asemblearias, e como isto llelo entregaron hoxe non tiveron a oportunidade de votalo no seu partido, pero el estaría de acordo en aprobar que o grupo de goberno se baixe o 41% que lle supón a UxC, porque esa solidariedade da que o PP fala, e todo o que queren aforrar, só lles supón o 8%, o que supón que se cada un dos concelleiros populares puxera 100 € mes, volven ter os 9.000 € anuais, e esa posibilidade non a ten UxC, que necesita eses recursos para poder chegar aos veciños coa súa política, esa é a gran diferenza, e non vai utilizar a palabra que tanto lles gusta: “demagoxia”.

Eses son os números reais, e non o que o PP queren vender. O 41% UxC, 8% PP.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que evidentemente teñen que falar de demagoxia, por suposto que si. El, a raíz deste asunto, e como supoñía que algún grupo da oposición sacaría o tema, estivo botando unhas contas e, por exemplo, un voceiro dun partido da oposición cobra aproximadamente 7.000 € ano en indemnizacións, iso foi o que se cobrou no ano 2011, os concelleiros do PP cobran 29.000, que son, aproximadamente, catro veces máis que o que cobra un voceiro da oposición. Pregunta se saben cantas horas están eles aquí, e que comparen coas que está un concelleiro da oposición, porque non son a cuarta parte desas horas. Dilles que se queren botar contas, que o fagan, e se queren poden fixar un prezo/hora e todos os membros da Corporación que fichen as horas que pasan no concello ou traballando para os veciños.

Dille ao Sr. García Patiño que el estivo catro anos na oposición, e algúns dos seus compañeiros estiveron moitos máis anos na oposición, e sabe perfectamente o que custa estar na oposición, e pode asegurarlle que nin custa os 5.000 euros que UxC cobra, nin sequera 1.000, e por iso eles fan esta proposta.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que cre que xa o deixaron moi claro na intervención inicial, nestes momentos ela sente pudor polo espectáculo que está a ver. Di que a emenda que presenta o PP non é máis que unha reacción irreflexiva que continúa a vergonzosa escalada que eles mesmos iniciaron no pleno de organización, continuou UxC, e agora o PP volve continuar cun “eu o teño máis grande” e te fastidias máis.

Eles non van entrar neste tipo de debate, e nin sequera lle vai sacar ao Sr. Andreu as contradicións entre o que está dicindo agora e o que dixo, porque afortunadamente as actas dos plenos se publican, e poden ver o que votaban e dicían cando estaban na oposición. Non van entrar niso, o que si lles pediría, por hixiene política, é que retiren o voto particular presentado, se queden todos coa moción de UxC, pechen o debate, e pasen ao resto de asuntos que veñen a pleno, sobre os que teñen bastante interese en debater.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que este tema parécelles importante, a pesar de ter recibido o voto particular, hoxe, aproximadamente ás 16:00 horas. Adianta que o voto do seu grupo vai ser en contra da proposta do PP, e queren explicar o porqué. En primeiro lugar, porque esta estratexia que presenta o PP en forma de voto particular, ao seu xuízo, quedoulles moi cutre. O PP non estaba pensando en facer un voto particular á moción de UxC, o que querían era evitar as consecuencias que pode traer a este pleno a moción que presenta EU, que é bastante máis complexa, e vai directamente á súa liña de flotación, que son os soldos do persoal liberado deste concello.

Di que parte da representación teatral que están a representar, comezou onte nas comisións informativas, cando entre o Sr. Marante e o Sr. Andreu lles quixeron facer ver que se lles ocorría a idea de eliminar as asignacións aos grupos, pero notóuselles que non o traían moi preparado. Dilles que a ver se para a próxima vez o ensaian un pouco máis.

O PP está vendendo nesta proposta que deixan de percibir unha cantidade por asignación aos grupos políticos que lles parece excesiva, pero é excesiva porque eles foron os que duplicaron a dita cantidade sen autorización do resto de grupos. Seguen mentindo ao pobo de Cambre, non se reduciron 55.000 euros, senón que se aumentaron 40.000, dividido en 5.000 euros que cobra cada un dos concelleiros con media dedicación máis que na anterior lexislatura. Pídelles que non sexan demagogos, palabra bastante empregada, e que non comparen os seus soldos coas dedicacións exclusivas. Pídelles que non forcen máis os números, porque aínda así non lles van cadrar.

Tamén falan das axudas de custo dos concelleiros, e pregunta se non falan das súas, que aprobaron nos orzamentos por un importe de 120.000 euros, destinados a axudas de custo e gastos de representación, que facendo as contas saen a 1.250 euros/mes a cada concelleiro.

Tampouco sabe como teñen o valor de dicir que o aforro na asignación aos grupos se dedicará a fins sociais, cando o goberno municipal acaba de recortar nos orzamentos, con respecto ao ano 2011, uns 60.000 euros en partidas de fomento do emprego, 15.000 euros en partidas de actividades sociais, 5.000 euros en actividades da terceira idade, ou 8.000 euros en programas de igualdade. Ou sexa, que primeiro recortan e agora queren ser solidarios.

Para EU é de moi mal gusto utilizar este tipo de guerras políticas, coa escusa de destinar diñeiro a fins sociais. O que pasa é que o goberno viulle as orellas ao lobo na moción presentada por EU.

Con respecto ao diñeiro que aquí se di que cobran os concelleiros da oposición, tanto de axudas de custo, como de asignación a partidos, o seu grupo municipal xa ten presentado, a principios desta lexislatura un escrito na Secretaría municipal, onde renuncian a todo o diñeiro, e todo ese diñeiro vai para EU. Eles non perciben nin un só céntimo, e pídelles aos demais grupos que fagan tamén ese escrito, e que xustifiquen para onde vai o diñeiro.

Continúa dicindo que hoxe están celebrando un pleno que correspondería celebrar mañá, pero cambiáronlo de día polo tema da folga, para facilitar que as persoas poidan ir a esa folga. Como eles se senten solidarios con moitas persoas deste concello e de toda España en xeral, os concelleiros de EU van renunciar a eses 200 euros que perciben cada un deles, para que se dediquen a temas sociais de Cambre, porque non queren ser privilexiados ao pasar o pleno para o día de hoxe.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que non sabe a que se refería o Sr. Patiño cando dixo “quen te viu e quen te ve”, a verdade é que non o entende, porque el xamais falou das asignacións aos grupos políticos, xamais pediu nin que se subiran, nin que se baixaran, nin que se tocaran. Na pasada lexislatura el era o que menos cobraba, e non se preocupou, nin pediu máis, nin menos, nin antes, nin agora, nin despois, nin o vai pedir, simplemente quere dicir que el non ten ningún problema, con independencia de que estea ou non no goberno. El pode opinar que se debe rebaixar o 100%, igual que outros concelleiros opinan que o 50%. É unha opinión súa, privada e particular.

Dille ao Sr. Taibo que non ten nada preparado co Sr. Andreu, el deu a súa opinión, o Sr. Andreu a súa, e o PP presentou un voto particular. Eles preparan as cousas que son comúns no pleno, pero o resto dos temas, as mocións e demais, niso cada un é moi libre de opinar o que queira, e todos poderán ver que nalgunhas mocións o PP adopta unha postura e el adopta outra. Outra cousa son os temas que trae ao pleno o grupo de goberno. Son cousas distintas. El non ten que andar preparando cousas, porque xa é maior para iso, e menos para manipular a ninguén.

Continúa dicindo que a el poderán dicirlle o que queiran, pero xa haberá tempo para estenderse falando de cifras, como fixo o Sr. Taibo, en todo caso el quere lembrarlle a

todos os que están aquí, que el está responsabilizándose da concellería de Obras e Servizos e cobra a metade do que cobraron os concelleiros que lle antecederon nas lexislaturas pasadas, que eran de esquerdas, e cobraban o dobre que el. El está cobrando a metade e, agora, dinlle que é unha barbaridade o que está cobrando, cando, ademais, el está cobrando por asistencias aos órganos que vén, porque se está enfermo non cobra, os demais compañeiros, que teñen media dedicación, se están enfermos cobran o mesmo, pero el non, el ten que vir.

Engade que non só vén ás comisións, senón que vén todos os días da semana ao concello e bota entre 6 e 7 horas atendendo ás demandas e aos problemas dos veciños, e ten un cartel de atención ao público na porta do seu despacho. Di que sempre que el estivo de concelleiro no grupo de goberno, tanto agora como antes, na súa porta sempre houbo un cartel que pon atención ao cidadán, horario e días da semana, e sempre estivo, ningún veciño pode dicir que pediu cita para ir falar con el, cando veñen ao concello ou lle chaman para calquera tema, saben que está sempre, o seu teléfono está aberto os 365 días do ano, as 24 horas do día.

Agora a oposición ponse aquí a falar do que cobran, e claro que cobran, pero di que a el a hora de traballo e dedicación ao concello lle sáelle a 15 ou 20 euros, a dos concelleiros da oposición sae en 70 euros/hora. É normal que se os concelleiros do equipo de goberno están todo o día no concello, cobren algo máis que os que veñen aos plenos e ás comisións.

El pode dicirlle que a fin de semana pasada, dende o sábado ata o luns, estivo na Barcala, cun problema que houbo por un atasco na rede de sumidoiros. Estivo alí atendendo ás necesidades e tratando de solucionar problemas, e se din que lles parece moito que cobre 1.500 ou 1.600 euros/mes, e que eles cobren 400 ou 500, coa dedicación que está levando a cabo, entón que o fagan eles.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que el o que ve con este voto particular que presenta o PP, é unha total falta de coherencia, por iso lle quere facer unha pregunta ao voceiro do grupo popular, cal foi o motivo de que hai un mes se lles duplicara a asignación aos grupos políticos, sen que ninguén o solicitara, e que agora a queiran pasar a cero. Parécelle unha falta de coherencia, porque sen telo solicitado ninguén o grupo de goberno trouxo unha proposta que se sacaron da manga, e agora queren eliminala.

Reitérase no que dixo o voceiro de UxC, aínda está agardando a que se lle conceda un local para desenvolver a súa actividade como concelleiro da oposición. Presentou un escrito por rexistro hai meses, o comentou en varias xuntas de voceiros, é a primeira vez que o di diante da xente, cre que nunca o recriminou na prensa, nin nada, e pensa que xa vai sendo hora de que lle correspondan.

Conclúe dicindo que as asignacións aos grupos que estaban ata hai un mes, ata que o grupo de goberno lles duplicou as asignacións, son as mesmas que estaban no ano 2008, cando o PP estaba na oposición, e eran as que querían eles.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre sinala que cando se fixaron esas primeiras asignacións, era voceiro do PP don José Antonio Baamonde López, e cando se fixaron as segundas, o PP votou en contra.

Don José Antonio Baamonde responde que está seguro que o Sr. Andreu votou a prol das primeiras, ao igual que o resto dos concelleiros do PP.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que un debate moi similar ao de hoxe xurdiu cando o tema dos orzamentos. A oposición ten a manía de dicir en público só a parte do que lles interesa do que falan en privado, porque as actas das xuntas de voceiros non son públicas, pero se van dicir unha parte, teñen que dicilo todo, por exemplo, teñen que dicir que, ao principio desta lexislatura, este goberno, ante a falta de espazo, porque nesta lexislatura hai dous grupos máis que na pasada, ofreceulle aos grupos da oposición os locais nas instalacións que nese momento tiña o concello baleiras na Barcala, e todos os grupos da oposición dixeron que non, que A Barcala non lles gustaba, exactamente dixeron que estaba demasiado afastado da casa do concello.

Di que uns meses despois, intentando buscar outra solución, propuxéronlles a posibilidade de eliminar a sala de reunións que hai no local dos grupos municipais, e outra vez todos os grupos da oposición dixeron que non, que iso tampouco lles servía porque tiña que ser doutra maneira. Ante iso, intentaron buscar outra solución, que foi botar cálculos e dicir que, co persoal que teñen e os espazos que teñen no anexo, ao lado do servizo de augas, onde antes estaban Educación, Cultura e Deportes, habilitar un espazo. Resulta que os cálculos saíronlles mal, pediulles desculpas naquel momento e volve pedírllelas agora publicamente.

Se o que queren é que deixen fóra do despacho á arquitecta para poñerse o Sr. García Patiño, pide que o diga publicamente, porque el xa lle dixo que era un problema de que non tiña espazo para o arquitecto, díxollo así exactamente na reunión.

Volveu a propoñerlles eliminar a sala de reunións e poñer á súa disposición todos os locais municipais para cando quixeran facer reunións, e outra vez volveron dicir que non, tres veces dixeron que non ás propostas que fixo o goberno para os locais municipais, pero foi a oposición a que dixo que non, non foi que o goberno non fixera propostas. Agora o que quedou enriba da mesa é que os grupos da oposición ían presentar na vindeira xunta de voceiros unha alternativa. Cando a encontren, e o grupo de goberno diga que non, será cando poidan denunciálo publicamente, pero antes non, porque quen fixo as propostas para eses locais foi o equipo de goberno, e quen dixo que non foi a oposición.

Para finalizar dille ao Sr. Baamonde que lle ten que pedir todas as súas desculpas, e probablemente tamén as teñan que pedir a toda a Corporación e a todos os veciños de Cambre. O seu grupo dixo, tanto no pleno como nunha nota de prensa que se enviou dous días despois, que o reparto que facían das asignacións aos grupos municipais era porque consideraban que, dada a situación da Corporación, e que había máis partidos e máis concelleiros na oposición que no goberno, ese sería un reparto máis equitativo. Esa foi a súa posición, iso foi o que dixeron e é exactamente o mesmo que manteñen. O dixeron publicamente en dúas ocasións, e volven dicilo, e se é que se equivocaron, entón, de sabios é rectificar, pero rectifican co que eles exactamente queren e pretenden, e o que queren e pretenden, e lles parece xusto, é que non haxa asignacións aos grupos municipais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que teñen que terminar con este punto da orde do día, xa que non van volver a entrar nunha discusión sobre os locais. O que teñen que facer é votar unha moción que UxC presentou, e o tema dos locais é un tema que el ten que solucionar persoalmente co voceiro de UxC, porque xa lle dixo que así o van facer en breves días. Pide que non se vaian a temas do pasado, porque non ten sentido.

Don Óscar Alfonso García Patiño pide ao Sr. alcalde que, entón, que corrixa ao seu voceiro, porque el e o seu grupo xamais protestaron porque lles deran un local na Barcala ou onde sexa, dáballes exactamente igual, e esa foi a súa postura dende o principio.

O Sr. alcalde sinala que non se tratou dunha protesta, senón dunha reacción dicindo que A Barcala estaba lonxe.

Don Óscar Alfonso García Patiño reitera que el xamais dixo iso.

O Sr. alcalde roga que se atinxan á orde do día, e á moción que se presentou, non lle parece oportuno entrar agora co tema dos locais. De acordo que o concello ten un problema co tema dos locais, porque hai sete grupos na Corporación municipal e é complicado distribuilo, ademais teñen que estar a 100 metros do concello, pero el quedou co Sr. García Patiño e co Sr. Baamonde en solucionar o problema, e vai facelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás solicita poder exercer o seu dereito de réplica ao Sr. Marante, quen lle aludiu polo tema dos salarios.

O Sr. alcalde manifesta que é el quen ten que distribuír os tempos, e cre que a exposición está feita, e non poden estar nunha continua réplica, contraréplica e máis réplica e contraréplica.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que os tempos están marcados e cre que ten dereito a réplica.

O Sr. alcalde sinala que el nunca levou os tempos estritamente, e o Sr. concelleiro o sabe. Pensa que o punto da orde do día está centrado, e que teñen que votalo sen máis nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, aínda así, desexa clarificar dúas cuestións que considera fundamentais. Quere deixar claro que nesta lexislatura o salario dos concelleiros do equipo de goberno subiu de 23.000 euros a 29.000 euros, e iso cando o Goberno central conxelou o salario mínimo interprofesional en 641 euros, e diso teñen pouco que agradecer os 2.222 parados que hai en Cambre. Por iso o seu grupo fala de que hai que facer un reparto máis equitativo, e esa é a razón da moción que presentou EU.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro de EU que todo o que están facendo aquí, diante dos presentes, é teatro. Pídelle que se deixen de historias, e di que el está disposto a renunciar ao soldo de alcalde, pero que non lle diga que o subiu, porque trouxo a nómina aquí. Pídelle que non diga que hai 120.000 euros máis de gasto en axudas de custo e demais, porque el non cobra nin unha. Renunciou ao coche oficial, anda no seu coche, e aínda non pasou un só quilómetro. Cando ten que ir en representación do concello a Santiago, ou onde sexa, non cobra de ninguén e vai no seu automóbil, pode ensinarlle a súa nómina. O que lle quere dicir é que a anterior Corporación tiña dúas dedicacións exclusivas, o resto eran medias dedicacións, pero iso si, viñan un día ou dous á semana a firmar por esa media dedicación, iso pode asegurarllo. Os que tiñan a dedicación completa cobraban o dobre do que está cobrando agora el como alcalde.

Di que é certo que se fixo un axuste, pero aquí están os funcionarios do concello que os ven entrar e saír do concello. El entra ás 9:00 da mañá e sae ás 15:00 ou 15:30 horas da tarde, todos os días. Ten o seu teléfono dispoñible sábados e domingos para calquera veciño, ten que representar ao concello en actos en festivos, domingos e días de gardar, todo iso por media dedicación. Pero di que el iso, asumiu, e pídelle que non lle diga agora, con demagogia, que non se rebaixaron o soldo, porque non é certo, porque a media dedicación son catro horas, sexa o alcalde ou sexa calquera concelleiro, e iso que din é teatro puro diante do público. El pode ensinarlle a calquera persoa a súa nómina, porque é pública, igual que os orzamentos tamén son públicos.

En canto a esas axudas de custo de 120.000 euros das que o Sr. Taibo falou antes, ten que aclaralas, e ver quen é o que cobra axudas de custo no grupo de goberno, dende o Sr. Marante ata o último concelleiro. Pide que llo expliquen á xente, porque non hai ninguén que cobre axudas de custo.

Di que o que están facendo hoxe aquí é un espectáculo, que se rebaixan, non rebaixan, ou non sabe que. Cre que fixeron o que había que facer coa oposición. Algún grupo, como se sentiu ofendido porque non faláron con el, resulta que agora decidiu darlle ao grupo de goberno. Pregunta se queren desestabilizar entre todos ao goberno, se é así,

non hai problema, poden renunciar ao seu soldo e non vir a traballar, Cambre terá un concello sen goberno.

Conclúe dicindo que a oposición ten unha arma na súa man, que é a moción de censura. Se non están de acordo co goberno poden presentar unha moción de censura, e eles vanse pola porta grande, así o di claramente. Pide que se deixe de facer teatro para poder tratar as cuestións que lle importan a Cambre, e pide que lle perdoen que fale tan claro, pero é que lle gusta falar claro.

Don José Antonio Baamonde López manifesta que algunhas persoas do público deberían ter máis respecto e non facer comentarios en alto. Pídelle ao Sr. alcalde que controle ese tema.

A continuación, sométese a votación ordinaria o voto particular presentado polo grupo municipal do PP. Votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez do GM (PGD), e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, do GM (PdeC).

A Corporación, por trece votos en contra, rexeita o voto particular presentado polo grupo municipal do PP.

Sometida a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, do GM (PdeC), vota en contra don Manuel Marante Gómez, do GM (PGD), e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción presentada polo grupo municipal de UxC, respecto da modificación da asignación da dotación económica aos grupos políticos municipais, tal e como foi transcrita.

6º Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2012-2013

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 27 de marzo de 2012.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que esta proposta consiste, simplemente, en designar á concelleira de Educación como representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, no curso 2012-2013.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdeC).

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2012-2013, a dona M^a Jesús González Roel.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Consellería de Educación para os efectos oportunos.

7º Mocións

O Sr. alcalde explica que cómpre tratar, en primeiro lugar, a moción presentada polo grupo municipal do BNG, xa que por un erro no cómputo das datas, non se incluíu como punto da orde do día, como se debería ter feito tendo en conta a data do rexistro de entrada.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do BNG de rexeitamento da reforma laboral aprobada polo Goberno central

Rexistrada de entrada ao núm. 3438 o día 14 de marzo de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“O Goberno central, mediante o Real decreto-lei 3/2012 do 10 de febreiro, aprobou a reforma do réxime laboral, o que supón cambios importantes no réxime de relacións laborais, limitando os dereitos dos traballadores/as, tanto no referente aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

O propio goberno afirma, que estas medidas non contribuirán de xeito directo a crear emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en condicións precarias. O verdadeiro propósito do goberno do PP é aplicar unha política económica ao servizo dos que máis teñen, favorecendo maiores

beneficios para eles e empregar a crise económica como pretexto para atacar os dereitos laborais conseguidos durante as últimas décadas.

Esta reforma aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, outorgándolle capacidade para interpretar de xeito unilateral as condicións de traballo pactadas tanto a nivel individual en contrato de traballo como as derivadas de acordos globais sustentados na negociación colectiva. Dese xeito, a nova regulación laboral:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente e afecta tamén a dereitos consolidados
- Facilita o abaratamento do despedimento, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos por causas obxectivas ou en base a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, ata mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico, denominado “de apoio aos emprendedores”, mais aplicable ao 99 por 100 das empresas en Galicia, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Deixa en mans da dirección empresarial as modificacións das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial. En definitiva elimina o sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores que desenvolven a súa profesión en actividades análogas.

A reforma laboral imposta de xeito unilateral polo Goberno central terá un impacto negativo nas condicións de traballo e económicas dos traballadores/as de Cambre, que son a maior parte da nosa poboación e merecen un respaldo institucional perante o ataque emprendido contra os seus dereitos, que forman parte das conquistas sociais obtidas con anos de loita.

O Concello de Cambre debe expresar o rexeitamento a esta reforma laboral que, lonxe de ser equilibrada, como difunde o PP e o Goberno central con afán de confundir, en realidade os traballadores perden moitos dereitos regulados en normas públicas e quedan á vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas.

Polo exposto, solicitamos do pleno da Corporación municipal de Cambre a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a:

1. Proceder á derogación da dita norma.
2. Acometer unha mellora das relacións laborais, con base no consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

Segundo: Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e Parlamento de Galicia, presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, e agradece ao BNG que teña presentado esta moción, xa que se non a tiveran presentado eles, a tería presentado o seu grupo.

Conclúe dicindo que todos os membros do seu grupo está absolutamente de acordo, e por iso todos eles van acudir á folga.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu voto é a prol da moción e tamén felicitan aos compañeiros do BNG por esta iniciativa, a prol dunha das clases máis desfavorecidas deste país, que son os traballadores.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que, igual que fixo en todas as mocións que se foron presentando ultimamente aquí no pleno, sempre dixo que se ía abster daquelas que non estiveran directamente vinculadas a Cambre, e, aínda que esta ten certa vinculación, polo manifestado noutros momentos, vai seguir na súa liña de abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do

BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdeC), e abstéñense os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD).

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, en todo caso, gustaríalle deixar constancia da razón do sentido do seu voto. Ao igual que o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata, o seu grupo xa manifestou ao longo desta lexislatura que se ía abster de todas aquelas mocións que non foran competencia exclusiva do pleno.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e por don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdeC). Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción conxunta presentada polos grupos do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e concelleiro do PdeC, sobre a Vía Ártabra ao seu paso por Cambre

Dáse lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 3680 o día 17 de marzo de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que, como unha cuestión de orde, rogaría que, en vez de facer a comunicación a todas aquelas persoas e asociacións interesadas, que poden ser centos, mellor que o Sr. alcalde dite un bando.

Acéptase a petición.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que lle sorprende que traian esta moción e que ademais pidan que esta Corporación se ratifique nun acordo plenario, pero eliminando o último parágrafo da alegación. Di que lles acaba de chegar un informe que solicitou porque non entende a razón de presentar esta moción, que para el non ten sentido. Trátase dun informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, o 26 de marzo de 2012, no que se di o seguinte:

“Primeiro: O acordo plenario de data 4 de xuño de 2008 cuxa ratificación se propón pola moción indicada era un acordo polo que se aprobaba ‘un documento de alegación

ao proxecto do trazado e estudo de impacto ambiental da obra: Vía Ártabra. Treito: AC-211 (polígono de Cambre)-Autoestrada AP9-Autovía A6'.

Este proxecto de trazado fora aprobado previamente e de maneira provisional por Resolución da Dirección xeral de Obras Públicas da Xunta de Galicia de 21 de febreiro do mesmo ano 2008 e sometido, posteriormente, ao trámite de información pública a través de resolución da mesma dirección xeral do 24 de marzo do citado ano, mediante inserción do anuncio no Diario Oficial de Galicia n.º 63, de data 2 de abril de 2008.

Segundo: O verdadeiramente relevante neste tema, non obstante, máis que o acordo plenario indicado de presentación de alegacións, é a Resolución da Dirección xeral de Obras Públicas do 27 de marzo de 2009 pola que se aproba 'con carácter definitivo' o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da Vía Ártabra citados, cunha serie de condicionantes a ter en conta no desenvolvemento do proxecto de construción, que ven a implicar unha desestimación parcial do escrito de alegacións presentado por este concello antes referido.

Esta resolución de aprobación definitiva foi publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 78, do 23 de abril de 2009.

Contra esta resolución cabería interpoñer recurso de reposición, que foi precisamente o que se fixo a través da Resolución de Alcaldía n.º 834/09, de data 21 de maio de 2009.

Este recurso de reposición foi desestimado por silencio administrativo sen que contra a dita desestimación se teña interposto recurso contencioso-administrativo ningún.

Por iso a resolución da Xunta de Galicia indicada de aprobación definitiva do trazado da Vía Ártabra resulta, para efectos administrativos, totalmente firme, eficaz e produtora de plenos efectos xurídicos, sendo, por iso, o relevante nesta cuestión como anteriormente indiquei; e implica, por outra parte e como establece o artigo 15.3 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, a correspondente modificación ou revisión do planeamento urbanístico existente para acomodalo ás determinacións do proxecto de trazado aprobado.”

Á vista deste informe, o Sr. alcalde continúa dicindo que non entende por que hai que ratificar un acordo plenario, agás nun punto. Non entende o obxectivo desa ratificación, xa que iso non ten validez, porque a Xunta de Galicia xa publicou no Diario Oficial de Galicia o trazado aprobado definitivamente.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que a razón de que queiran sacar ese último parágrafo das alegacións é precisamente porque eles entenden que a Vía Ártabra, si ou si, ten que pasar por Cambre, e ten que pasar por Cambre coas alegacións que se fixeron, que son principalmente as cinco entradas que se pedían. O que dicía o último parágrafo era que se a Xunta de Galicia non atendía ás

alegacións feitas por Cambre, entón, pedían que finalizase a vía en Catro Camiños, conectada coa autoestrada, e que non seguiran adiante. Agora os grupos políticos da oposición en Cambre, entenden que ese último parágrafo xa non ten sentido, a Vía Ártabra hai que facela, si ou si.

O Sr. alcalde dixo que xa está aprobada pola Xunta de Galicia, pero el é o alcalde, e o que representa á Corporación, ao concello e aos veciños, pero os grupos da oposición tamén representan aos veciños e tamén necesitan un respecto por parte do Sr. alcalde. Pídelle que antes de saír na prensa dicindo hoxe unha cousa, mañá outra, confundindo tanto aos grupos políticos como aos veciños, e sobre todo aos afectados, antes de facer iso, podía dicirlles ao resto de grupos que está de acordo e vai pelexar por esa opción. Cre que iso é o que debería ter feito. Antes dixo que dedican moitas horas de traballo, pero moitas horas non quere dicir que o traballo sexa eficaz.

Xa sabe que o Sr. alcalde lle dirá que os xornalistas, ás veces, non contan o que é, pero segundo di textualmente 'La Opinión' do día 5 deste mes, o Sr. alcalde dixo que: "... por outra parte anuncia a súa intención de manter unha reunión cos representantes da Xunta para acadar un consenso sobre o trazado deste vial ao seu paso por Cambre, recalca no seu comunicado". Pola súa parte, 'La Voz de Galicia', o 26 de febreiro de 2012, di ao final: "Rivas avanzou esta semana que o Consorcio As Mariñas creou un grupo de traballo para elaborar un novo trazado que afecta a Sada e Cambre, e que se podería incorporar ao novo Plan xeral de ordenación municipal".

Continúa dicindo que iso é o que di a prensa, que o Sr. alcalde de Cambre vai falar con Sada e con Oleiros, pero igual que cando un fai unha obra na casa fala coa muller, cos fillos, coa familia, e non vai falar cos veciños, eles entenden que o que debería ter feito o Sr. alcalde era falar primeiro con eles. Dende logo os confunde con iso dun novo vial, xa que o vial está aprobado, e por iso traen esta moción, para que o Sr. alcalde, a partir de hoxe, con esta moción, e con todo o apoio da nova Corporación, a colla debaixo do brazo e mañá se vaia á Xunta de Galicia a reclamar o que se aprobou nesa moción.

Tamén lle lembra, que o anterior voceiro do PP pedía ao PSdeG-PSOE e ao BNG, que gobernaban na anterior lexislatura, contundencia no ton e nas reclamacións. E dicíalles que tiñan a obriga de defender o territorio e os intereses dos veciños, que tiñan que falar coa Xunta con respecto, pero esixindo ser escoitados.

Di que agora eles só lles están esixindo o mesmo que o PP esixiu ao anterior goberno, que vaian á Xunta, que digan que teñen todo o apoio da Corporación e dos veciños de Cambre, e que pidan que fagan o proxecto atendendo ás alegacións de Cambre.

Conclúe dicindo que por todo isto presentaron a moción.

O Sr. alcalde contesta que parece que o Sr. Patiño é o alcalde e non el. En lugar de que os concelleiros da oposición se dirixan ao alcalde para preguntarlle en que situación está o tema da Vía Ártabra, o que queren é que el se dirixa a eles para preguntarlles en que

situación está, porque non traballa con eficacia. Di que dá a impresión de que foi iso o que dixo.

O Sr. García Patiño pode dicirlle o que queira, pero que se a alguén lle para un xornalista cando sae dalgún sitio, por exemplo do pleno, todo depende de como transcriba as súas palabras ese xornalista. Por iso el onde vai é aos papeis, e por iso non entende a moción, porque se os concelleiros len os papeis resulta que pretenden ratificar o pleno de 4 de xuño de 2008 cando no DOG do 27 de marzo de 2009 se publica a Resolución de 13 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se fai pública a aprobación definitiva do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da Vía Ártabra. Treito AC-211 (polígono de Cambre)- autoestrada AP9-autovía A6. Clave AC/04/156.00.2.

El cre que está claro, e se lle piden que vaia contra a Xunta para que cambie iso, ben, pero non un acordo plenario do Concello de Cambre, iso non o entende. O proxecto de trazado está aprobado pola Xunta, en marzo do ano 2009, e non ten volta atrás. O que faga a Corporación de Cambre no futuro, será en consenso con todos, porque non lle atinxe só a el como alcalde, nin só ao seu grupo municipal, senón que atinxe a todos os veciños de Cambre, que están representados nesta Corporación por todos os grupos.

Por iso di que ratificar un acordo plenario xa adoptado, e ademais modificándoo, non ten sentido dende o seu punto de vista.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, entón, entende que está de acordo con todo o que se di na moción.

O Sr. alcalde contesta que non é que estea de acordo nin en desacordo, que el ten que estar ao que publica o DOG. Foi aprobada a resolución pola Xunta un ano despois e non lle fixeron caso ás alegacións de Cambre, para nada. Recolleu catro ou cinco alegacións e outras deixounas á parte, e mentres iso non se modifique, iso vai a misa. O trazado é o que hai aprobado pola Xunta, o que logo decida toda a Corporación municipal de Cambre, será outra cousa, para poñelo no Plan xeral.

Todos saben que agora hai unha autovía, e o que pide o Concello de Cambre non é unha autovía, é unha vía rápida VR80, polo menos nas alegacións que fixo no seu día. Esa é a diferenza, e no seu momento haberá que loitar coa Xunta, toda a Corporación e con consenso, para meter o que queren facer en Cambre con ese trazado e poñelo no Plan xeral.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non pretende ser o alcalde, simplemente que, como xa lle comentaron dende UxC nunha ocasión, e o PSdeG-PSOE noutra, trátase dos seus comentarios na prensa. O Sr. alcalde dixo que vai falar con Sada e con Oleiros, e iso é o que lle recriminan, porque hai xuntas de voceiros para informarlles que vai pedir isto ou aquilo outro na Xunta, no Consorcio, etc., e preguntarlles que lles parece, porque eles tamén son membros da Corporación, nada

máis. Coas súas manifestacións na prensa, o Sr. alcalde confunde ao resto de grupos e aos veciños.

O Sr. alcalde contesta que el se responsabiliza do seu traballo, non se responsabiliza do que pon na prensa, iso non pode facelo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que parece que todos están de acordo, que non hai problema e que todo foi debido a un malentendido nas formas nas que o Sr. alcalde comunica as cousas. O que vén na prensa, que é a información que os grupos teñen, dá lugar a un problema como este. Se en vez de falar, como se falou na prensa, de que “Rivas avanzou esta semana que o Consorcio das Mariñas creou un grupo de traballo”, se tiveran reunido todos para poñer en común cales son as súas propostas para mellorar, que para iso teñen a xunta de voceiros, pois posiblemente esta moción non tería sentido, porque todos están ao mesmo nivel, todos queren mellorar e dar servizo ao concello cunha vía tan importante como é a Vía Ártabra.

Di que están de acordo no trazado, polo que lle pregunta ao Sr. alcalde se están de acordo nos enlaces, porque iso é o que teñen que falar. Reitera que cando un contesta aos medios corre o risco de dicir cousas, con toda a súa boa vontade, pero que ao mellor politicamente non son procedentes, ou non obedecen a un consenso previo, e ademais nun tema que sempre se levou dunha forma consensuada, como é este, porque todos os grupos están preocupados en que beneficie o máis posible, e prexudique o menos posible, aos veciños. Por todo isto insiste en que hai que coidar as formas no tema de comunicación, e así non haberá estes malentendidos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre responde que el cre que aquí si hai un malentendido. Con esta moción o que parece é que a oposición actúa como se non se tivese terminado o procedemento administrativo, cando en realidade se trata dun procedemento que está finalizado, e lémbbralles, ademais, que iso se aprobou polo goberno bipartito en funcións, a última semana de goberno da Xunta de Galicia.

Explica que houbo un procedemento administrativo onde o Concello de Cambre fixo unhas alegacións, presentou un recurso, e ese procedemento administrativo finalizou e como non se recorreu, é firme. As xestións que está intentando facer o alcalde, e por iso está intentando falar cos seus homólogos da área metropolitana, son para intentar facer que a Xunta ceda e volva a iniciar o procedemento administrativo, de modo que se acollan as alegacións do concello, alegacións coas que o PP está de acordo. Pero na moción o que se fai é como se o procedemento administrativo aínda estivera aberto e puideran facer alegacións, cando reitera que non caben alegacións, porque o procedemento administrativo está terminado.

Continúa dicindo que teñen que intentar convencer á Xunta para que volva iniciar o procedemento e poder facer as alegacións, pero agora mesmo non as poden facer. Di

que non ten ningún sentido adoptar un acordo de ratificar unhas alegacións que non serven para nada.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que é certo que ese trazado se aproba estando gobernando o bipartito, pero tamén é certo que o recurso de reposición se presenta o 21 de maio de 2009, cando estaba gobernando o Partido Popular. Ese recurso de reposición, no que se encontraban recollidas todas as melloras que se demandaban dende Cambre, foi resolto por silencio administrativo. Pide que deixen as cousas claras, porque aquí hai para todos.

O Sr. alcalde explica que el non se fai responsable do que publica a prensa, e dilles que se eles len algo que el dixo, teñen o seu teléfono móbil e poden chamalo para preguntarlle se non se terá equivocado nas súas manifestacións, non fai falta presentar unha moción. Pensa que calquera dos membros da Corporación se pode equivocar en calquera manifestación, pero el cre que é moito máis fácil e sinxelo que todo isto, trátase de levantar o teléfono e preguntarlle, e así acábase a discusión.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o seu grupo preguntou no pleno pasado sobre a situación na que se encontraba o tema da Vía Ártabra. Tamén insistiron en que posiblemente houbera unha falta de comunicación, non sabe se por parte dos grupos ou por parte do Sr. alcalde, pero cre que é por parte do Sr. alcalde que é quen ten que tomar a iniciativa nun caso tan espiñoso como é o tema da Vía Ártabra, porque é quen ten bastante máis información que teñen os grupos.

Antes de ir ao Consorcio, ao mellor tiña que reunir aos voceiros, explicarlles as cousas e pedirllles a súa opinión sobre o que debería levar ou non levar. Cre que debería falar un pouco máis cos grupos, porque fai falta un pouco máis de comunicación. O que se trata é de conseguir un trazado que sexa ambientalmente o menos prexudicial posible, o que máis beneficie ao conxunto dos cidadáns de Cambre, e incluso á área metropolitana.

Conclúe dicindo que para eles falta comunicación e a comunicación ten que vir do Sr. alcalde que é o que ten máis información respecto deste tema.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que a eles gustaríalles saber a que se debe o cambio do PP, que sempre estivo de acordo co proxecto de trazado que fixo a Xunta de Galicia, xa fora na época do bipartito, en todas as etapas nas que estivo o PP, cando estaba José Antonio Baamonde ao fronte, etc., e só dende que comezaron a gobernar nesta última lexislatura en Cambre, empeza a haber unhas certas contradicións, ou unha certa incerteza, que se lle crean sobre todo aos veciños, que estaban tranquilos nas súas casas. Agora empeza a haber unha certa confusión, e dise que ao mellor paran na autoestrada, que ao mellor van gastar outra burrada de cartos en facer outro proxecto, etc.

El pensa que iso xa está superado, e o goberno de Cambre debería de xuntar aos voceiros e explicar as cousas. Di que están no proceso do Plan xeral de urbanismo, e aí

é onde ten que ir a Vía Ártabra. No primeiro avance que se enviou á Xunta está xa debuxada, agora, no seguinte, ten que quedar clarificado. O goberno o que ten é que darlle confianza aos veciños, non que un día diga que vai falar con Oleiros, outro día que diga que van cambiar unhas curvas, etc. Cre que é unha irresponsabilidade do goberno crear esta situación de incerteza. Esta moción é por iso, para que a partir de hoxe non se fale máis do trazado, que xa está decidido. Pensa que hai consenso suficiente nese tema. Pregunta se alguén coñece algún veciño a quen non lle guste o trazado da Vía Ártabra, el non coñece a ningún.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que non sabe por que o Sr. alcalde se sorprende de que presenten esta moción conxunta no pleno. Di que el, persoalmente, non se fía do Sr. alcalde no que se refire ao asunto da Vía Ártabra, porque amosa unha grande ambigüidade nas súas declaracións. Un día está a prol, outro día está en contra, e esa é a realidade, e iso é o que se pode desprender das noticias que se len nos xornais.

Segue dicindo que como ben comentou o voceiro do BNG, chegaron a un consenso no ano 2005-2006. Tamén recoñece o bo labor da asociación da Plataforma de afectados pola Vía Ártabra, representada polo Sr. Leirós, que se puxo en contacto cos grupos municipais que constituían a Corporación da lexislatura 2003-2007, porque naquel momento o rumbo do equipo de goberno ía por outro trazado que era bastante máis prexudicial para Cambre, cun maior impacto medioambiental e bastantes máis veciños afectados, iso sen entrar noutro tipo de xustificacións ou suspicacias que puidera haber.

Crearon unha mesa de traballo e, naquel momento, cando don Alberto Núñez Feijoo era conselleiro de Política Territorial, no ano 2005, el mesmo se dirixiu a Santiago, en compañía do Sr. Leiros, a entrevistarse co director xeral de estradas don Agustín Hernández, hoxe conselleiro de Política Territorial, quen lles ratificou que a Vía Ártabra tiña que unir a autovía coa autoestrada, si ou si, e pediulles que se puxeran de acordo e consensuaran un trazado.

Nese momento foi cando a plataforma de afectados se puxo a traballar cos seus medios, invitou aos grupos a que a coñeceran, fixeron o percorrido con eles a pé polo concello, e el, que era o voceiro do PP naquel momento, foi acompañado da actual concelleira de Urbanismo, dona Rocío Vila Díaz, e cre que tamén viña dona M^a Jesús González Roel. Por iso, o que si pode dicir é que quizais sexa mellor que o Sr. alcalde quede calado sobre este tema e deixe falar á concelleira de Urbanismo, que seguro sabe bastante máis do tema da Vía Ártabra.

Di que analizaron sobre o terreo as distintas alternativas e viron cal era a que menos dano causaba aos veciños e menos dano medioambiental supoñía, e chegaron a un acordo todos os grupos daquela Corporación, PP, PSOE e BNG. Todos votan a prol.

Na seguinte lexislatura, volveu saír este tema, cando el xa non era voceiro do PP, e volveron votar todos a prol, pero, curiosamente, cando o Sr. alcalde apareceu en escena

e foi nomeado candidato á Alcaldía polo PP, no ano 2010, xactouse de ir ver ao conselleiro Agustín Hernández, e paralizar o trazado da Vía Ártabra. Concretamente o venres 1 de outubro saíu a noticia de que o candidato do PP aseguraba que negociou con Hernández parte da Vía Ártabra, que non era boa para Cambre e que pedira unha reunión co conselleiro para que se paralizara a adxudicación mentres non se negociara coas entidades veciñais, iso cando xa estaba todo negociado e consensuado.

Agora o Sr. alcalde dilles que non entende por que teñen que ratificar un acordo plenario, pero el o que non entende é por que o Sr. alcalde vai a Santiago no 2010 para que se bote para atrás un acordo aprobado polo pleno. Iso é o que el non entende e pide que lle explique.

Di que o Sr. alcalde sempre estivo en contra. A raíz das citadas declaracións e de que o conselleiro anunciase en prensa a paralización, causouse un gran rebumbio entre todos os alcaldes da área metropolitana, incluídos os do PP, e do consorcio, todos en contra da paralización da Vía Ártabra ao seu paso por Cambre. Incluso desencadenou unha declaración institucional por parte do equipo de goberno de entón, no pleno do 20 de outubro, e aí é onde lle vai a demostrar a súa falta de coherencia, xa que o que o Sr. Ríos, a Sra. González e o Sr. Andreu que antes votaran a prol, nese pleno votan en contra porque din que ese treito da Vía Ártabra supón un prexuízo para os intereses dos residentes no termo municipal. Non entende por que din no 2010 iso, aínda que supón que debeu ser porque nese momento xa estaban dirixidos polo que hoxe é alcalde de Cambre.

Lembra que el pediu intervir nese pleno, para amosar o seu desacordo, e que a Sra. González non quería deixarlle falar. En todo caso, el votou a prol, amosando a súa coherencia cunha decisión que tomara no 2006, no 2008, e volveu reafirmar no 2010. Dende logo o que non é coherente é o que fixo o PP de votar a prol no 2006, votar a prol no 2008, votar en contra no 2010, volver agora a votar a prol, e mañá xa verán se se absteñen ou non.

Continúa dicindo que cando no 2010 el votou a prol, en contra do resto do seu grupo, pediron que lle abrisen un expediente por romper a disciplina de voto. Un ano e medio despois pasa isto, e eles tamén din que van votar a prol. O tempo é ese xuíz, que nin se compra nin se vende, e pon a cada un no seu sitio. El tiña razón, eles non, e demostraron falta de coherencia.

En conclusión, el pregunta ao Sr. alcalde se ten algún inconveniente en que a Vía Ártabra pase por Cambre, ou ten algún interese particular. El cre que os intereses xerais, neste tema tan importante, teñen que estar por riba dos intereses particulares, e o proxecto da Vía Ártabra é un proxecto validado e válido para o concello, e é vital para o futuro. Por conseguinte, o seu voto é o que foi sempre, o que votou sempre, non como outros, é un voto a prol.

O Sr. alcalde manifesta que o Sr. Baamonde chegou case ao insulto. Di que as persoas que o coñecen saben perfectamente, e por iso non lle molesta en absoluto, que é unha persoa de fiar. Defende os seus intereses, como o faría calquera, pero é unha persoa de fiar.

Se o Sr. Baamonde puidera terlle metido o dente por algún sitio, xa o tería feito, el xa o sabe, pero o que pasa é que non ten onde agarrarse, só ás páxinas dos xornais. Di que el sempre defendeu a Vía Ártabra, pero o problema non é o trazado, son os enlaces, porque o problema é dar servizo a Cambre, xa que é incongruente que un señor de Peiraio teña que vir a Cela, subir á rotonda de Cela, ir á Vía Ártabra, tal e como está, e ir de novo a Peiraio para poder circular pola Vía Ártabra.

Continúa dicindo que el defende o trazado, e no pleno aprobado en xuño, cando don Nicolás Cubeiro era o voceiro do grupo popular, o PP votou a prol das alegacións que se presentaron á Xunta. É verdade que recolleron que se a Xunta se negaba a facer o que propoñía o Concello de Cambre, entón que se fixera o que propoñía a Asociación Pro-Urbanismo de Cambre. Iso é o único, el non cambia de opinión, a el válelle o trazado, o que non lle vale é a tipoloxía da vía. Dille ao Sr. Baamonde que non se fie dos xornais, que o chame por teléfono, que ten o seu móbil.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, manifesta que el segue opinando igual que opinou sempre. Efectivamente estivo nesas reunións, formou parte desas reunións coa asociación de afectados, tivo tamén reunións coa asociación Pro-Urbanismo, e, en calquera caso, el sempre estivo de acordo e cre que todos os grupos presentes na Corporación naquel entón, chegaron a un acordo, a un consenso coas asociacións e entre eles. El segue exactamente o mesmo, exactamente igual, sempre que esa vía leve as comunicacións que solicitaron, e se elimine a peaxe que lle queren poñer para A Coruña. A el que a vía sexa máis ou menos rápida dálle igual, o que lle parece é que ten que dar servizo e levar todas as entradas que se propoñen. Di que iso foi o que sempre dixo, estando no grupo de goberno, ou estando na oposición, sempre se manifestou igual e segue mantendo exactamente o mesmo.

En canto á moción presentada, di que o seu voto vai ser de abstención, e iso é así por coherencia, porque el mantén o que di a alegación. Explica que precisamente foi el quen propuxo o parágrafo ese que agora queren quitar, e por iso non está moito de acordo en que se quite, pero como entende que a Vía Ártabra vai ser unha realidade o que cre que hai que ter seguro é que teña os viais de enlace onde todos os veciños de Cambre necesitan que estean.

Por iso se vai abster, porque ese parágrafo o defendera el cando se aprobou o acordo, xa que se a Vía Ártabra non lle vai dar servizo aos veciños de Cambre, entón que a leven por outro lado, que a corten na AP-9, e que a xente vaia dar a volta a Abegondo.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella manifesta que en vez de dar luz, seguen mareando a perdiz e confundindo aos veciños. Pregunta cantas entradas e saídas

ten en Cambre o trazado aprobado pola Xunta, porque segundo o plano que el ten aquí, ten cinco.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que iso é mentira, que só ten unha, e iso é o que eles critican, que só tiña unha entrada, e o que queren é que teña cinco.

Don Alfredo Rodríguez Abella manifesta que o plano que el ten, e que veu buscar ao concello, é un con cinco entradas, e cre que é o plano aprobado.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que o Sr. concelleiro saberá que plano ten, porque se houbera cinco entradas, eles non dirían nada.

O Sr. alcalde sinala que el non sabe que plano é o que ten o Sr. Rodríguez Abella, el o que coñece é o que está exposto no concello, e non hai máis que unha soa conexión en Sta. M^a de Vigo, na A6, hai unha conexión na AP-9, e a seguinte conexión é en Cela.

Don Alfredo Rodríguez Abella expón que no polígono hai dúas entradas.

O Sr. alcalde contesta que só unha, e non vai discutir o que o concelleiro do BNG crea.

O concelleiro do BNG pregunta cantas entradas queren nun treito de catro quilómetros.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que o que o PP defendeu sempre, estando don José Antonio Baamonde como voceiro, estando don Nicolás Cubeiro, estando dona M^a Jesús González Roel, e estando el mesmo como voceiro, é que ese era o trazado que querían, pero tamén querían que lle prestara servizo a Cambre. Queren ter a Vía Ártabra por onde pasa, pero co mesmo servizo que teñen os veciños de Oleiros, porque en Cambre non son veciños de segunda, senón que son iguais e teñen os mesmos dereitos que teñen os veciños de Oleiros.

Don Alfredo Rodríguez Abella sinala que iso que está dicindo é un mitin.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non vai volver permitir este espectáculo, se alguén está no uso da palabra, hai que respectalo.

Continúa dicindo que o Sr. Rodríguez Abella trae un plano e o quere ensinar, pero pídelle que o garde, que se informe do proxecto da Vía Ártabra e que logo veña aquí e lles dea un discurso.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que levan 9 meses no goberno, e que o Sr. alcalde ten o trazado aprobado da Vía Ártabra nunha parede no seu despacho, que eles ven todos os días, e o Sr. Rodríguez Abella, cando suba ao despacho do Sr. alcalde, pode comprobar que está alí.

Di que ten unha única entrada, que se entra dende Cela e se sube ata Meixigo, e iso non é o que se propuxo nas alegacións, e non é o que están dicindo na moción. Pídelles que lean o que di esta moción, nela dise que, polo menos, teñan as seguintes entradas: Polígono industrial do Espírtu Santo, Catro Camiños, enlace en Peiraio, enlace de Coido e enlace de Sta. M^a de Vigo, iso é o que di a moción. Ao mellor, o concelleiro nin leu o proxecto da Xunta, nin leu a moción.

O seu grupo o que está dicindo, e o que defendeu o PP dende o principio ata o final, que queren que a Vía Ártabra lle dea servizo aos veciños de Cambre, non que lle dea servizo só aos veciños de Oleiros. Iso é o que queren, exclusivamente, pero iso non é o que resolveu a Xunta, a Xunta o que resolveu é que a Vía Ártabra lle dera servizo aos veciños de Oleiros e non aos de Cambre. Iso é o que eles defenden, e iso é o que está intentando corrixir o Sr. alcalde.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que pensa que se están metendo nun debate un pouco absurdo, por iso quere aclarar que, efectivamente, nun principio o proxecto que a maioría estimaba mellor é o que tiña cinco entradas, que é o que recollía a moción. A Xunta rexeitou esas entradas e contempla unha entrada na Gándara, na AP-9, outra en Sta. M^a de Vigo e outra en Cela. Iso é o que se contempla na actualidade, e o que queren eles é o que está na moción, é polo que todos teñen que loitar, porque para eles é o trazado menos agresivo e máis beneficioso para Cambre. Iso é polo que esta Corporación ten que loitar.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño sinala que, entón, o Sr. alcalde di que lle vale o trazado, pero que queren cinco entradas, as mesmas que din na moción que hoxe presentan, que foi a que se aprobou nas alegacións a prol das que tamén votou o PP. Se iso é así, el vaille pedir desculpas publicamente por non telo chamado polas noticias saídas na prensa, pero máis fácil lle tería sido ao Sr. alcalde, nunha xunta de voceiros, collelos a todos e explicarllelo, e non que eles o estean chamando a el. É unha suxestión que lle fai, en todo caso, pídelle desculpas e a partir de agora, cando o vexa na prensa, igual é todas as semanas, chamarao para dicirlle se cre que se equivoca.

Continúa dicindo que quereda arrancar un compromiso desta Corporación, porque ve que no miolo da cuestión están todos de acordo. Pídelle ao Sr. alcalde que convoque unha xunta de voceiros, que fagan un grupo de traballo, e que definan entre todos cales son as liñas a seguir, non que o Sr. alcalde vaia polo seu lado a Oleiros, que eles vexan outra cousa na prensa, que se fagan unha mala sangue, e que os veciños se enfaden con toda a razón, porque están dando un espectáculo realmente bochornoso.

Pide que se xunten, xa que todos teñen claro que a Vía Ártabra ten que pasar por Cambre, e teñen claro que teñen que contar con cinco saídas, polo que se trata de traballar todos xuntos, aproveitando que agora teñen aos seus compañeiros de partido na Xunta de Galicia, pelexar con eles e facer forza a través do Consorcio para que se fagan esas cinco saídas.

Cre que é así de sinxelo, están dándolle voltas a este asunto cando realmente están de acordo en facer esas cinco entradas e saídas, e como niso están de acordo é polo que non ten sentido o último parágrafo das alegacións, no que pedían que, en caso de non ter cinco saídas, o deixasen na AP-9, porque o trazado xa está aprobado.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que el nin dubida, nin deixa de dubidar do Sr. alcalde. El ao que se remite é ás declaracións que o Sr. alcalde fixo nos medios de comunicación, e á hemeroteca que el ten, por exemplo, o venres 1 de outubro de 2010 sae publicado que o candidato do PP asegura que negociou con Hernández parte da Vía Ártabra. Dise que foi a Santiago a reunirse co conselleiro e que lle solicitou que se paralizase a adxudicación do proxecto.

Polo tanto, o Sr. Rivas, primeiro solicitou que se paralizase o proxecto e agora di que está a prol de que sigan. A el tenlle desconcertado. Como xa dixo, esa noticia desencadenou unha declaración institucional por parte do Concello de Cambre para ratificar o acordo plenario que nos anos 2006 e 2008 todos os grupos, incluído o PP, votara a prol, pero no 2010 o PP vota en contra. Foi unha falta de coherencia total. Non poden estar de acordo no 2008, en contra no 2010 e de novo de acordo no 2012. Non o entende.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el, cando foi á Xunta a falar co Sr. Hernández, foi precisamente a que non iniciara o proxecto tal e como a Xunta o publicou no DOG, porque no DOG prevese unha autovía de catro carrís, sen servizo para Cambre. Foi a parar ese proxecto, e don Agustín Hernández díxolle que xa o tiñan parado porque non tiñan diñeiro. Díxolle que tiñan contratado un estudo de mobilidade, que ían facelo, pero que ese tema o tiñan parado porque non tiñan nin un euro para iso.

Explica que el foi solicitar o que tiña demandado Cambre, que era unha vía rápida, unha VR80, con cinco entradas e cinco saídas, iso é ao que foi a don Agustín Hernández, pero non a que lle fixera unha autovía en Cambre, porque a autovía saben que non pode levar nin entradas nin saídas, soamente cada dous quilómetros e medio. Di que a iso foi, e pídelle ao Sr. Baamonde que non o acuse doutra cousa.

Segue dicindo que a sorte que tiveron foi que non contrataron esa vía como está, porque non tiñan diñeiro, porque senón ao mellor tiñan que aturar unha autovía con entrada en Cela. Esa é a realidade, e el non cambia de opinión, a el o trazado da Vía Ártabra, e así o votou aquí o grupo popular, e así llo dixo el a don Nicolás Cubeiro o 4 de xuño do 2008, valíalle sempre que fora unha VR80 con cinco entradas e cinco saídas.

Con respecto ao Consorcio, no cal está o alcalde de Oleiros e o alcalde de Sada, propuxeron facer un grupo de traballo para terminar dunha vez de conectar a Vía Ártabra de Oleiros coa A6, iso foi o que discutiron, como facelo terá que velo o Concello de Cambre conxuntamente cos técnicos da Xunta. Iso foi o que se propuxo no Consorcio. O propio alcalde de Oleiros dixo que se Cambre deixaba que lle fixeran o

que está en proxecto, iso só ía servir para Oleiros, pero non para Cambre, e así o dixo publicamente na prensa hai poucos días.

Di que o outro día, cando estivo na Xunta, o director xeral díxolle que terían que falar da Vía Ártabra, el contestoulle que si, e o alcalde de Culleredo, que estaba presente, foi quen dixo que se facían o que estaba en proxecto, arruinarían Cambre.

Continúa dicindo que el defende a Vía Ártabra, pero non defende o que está pintado no plano aprobado que está colgado na parede do seu despacho. O Sr. Augusto Rey, que estivo o outro día alí o puido ver, e pode velo calquera, e non hai máis que unha entrada en Cela, e senón, hai que ir ao polígono do Espírito Santo ou hai que ir a Sta. M^a de Vigo.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López sinala que, en todo caso, de Bribe, Peirao a Sta. M^a de Vigo ou a Cela tampouco hai tanto, un par de quilómetros, pero para terminar, e como ve que están todos de acordo, o que teñen que facer é votar a moción, e o Sr. alcalde o que ten que facer mañá ou pasado é poñerse en contacto co presidente da Xunta ou co conselleiro, e traballar, e sobre todo informar aos grupos municipais, e non andar sacando notas de prensa ou facendo declaracións aos xornalistas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que eles se ratifican nos acordos que se adoptaron no 2006, 2008 e 2009, tal e como están. Se o que se quere facer é ratificalos modificándoos, non estarán de acordo, pero tampouco estarán en contra, senón que se absterán. Eles manteñen a palabra dada eses anos, non queren modificala.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM (PdeC), e abstéñense os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD).

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como se transcribe a continuación:

“Ao final da década dos 90, a Xunta de Galicia, concellos, deputación, cámara de comercio e outros colectivos sociais, fanse eco da ineludible necesidade de redactar un Plan viario comarcal que vai afectar a varios municipios.

No ano 2003, a Xunta de Galicia, sendo director xeral don Agustín Hernández-Fernández de Rojas e conselleiro don Alberto Núñez Feijoo, expón ao público o Plan sectorial viario comarcal.

A posición da Xunta é a de non impoñer o trazado aos concellos e que sexan eles os que o definan, sempre e cando, como é lóxico teñan continuidade. Así o fixo Oleiros e así o

fixo Cambre. A diferenza é que Oleiros consensuou cos veciños, e en Cambre non se consensuou, impúxose o trazado, que ademais non era o máis adecuado dende o punto de vista económico e medioambiental.

En setembro de 2004 publícase no DOG n.º 183 a aprobación do Plan sectorial viario comarcal prometido, excepto en dous tramos:

Retírase do Plan o tramo Sada-Bergondo polos conflitos veciñais ao paso por Bergondo, e déixase en suspenso o tramo da Vía Ártabra ao seu paso por Cambre ao admitir, a Xunta de Galicia, a alegación e trazado, dunha asociación de afectados, ao considerala o suficientemente viable e competitiva como para ser alternativa ao trazado oficial, proposto dende o concello.

No 2006 acórdase en pleno por todos os grupos políticos o trazado, que propón como enlaces necesarios os seguintes: Polígono industrial do Espírito Santo, Catro Camiños (no contorno do cruzamento e libre de peaxe), enlace en Peiraio, enlace en Coido (Bribes), enlace de Santa María de Vigo (A-6).

Con este acordo plenario o Concello de Cambre cumpre o compromiso adquirido, por resolución da Xunta de Galicia, de fixar o inevitable trazado dentro do seu territorio.

Polo exposto, os grupos municipais firmantes propoñen ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Esta Corporación ratifícase no acordo íntegro plenario do 4 de xuño do 2008, que á súa vez ratificouse do acordo plenario do 23 de febreiro de 2006 no que se aprobaba por unanimidade trasladar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte unha alternativa cuxo trazado estaba formado polos tramos 3.1 e 3.2 e o ramal cara ao núcleo de Cela, a excepción do último parágrafo da alegación, dado que entendemos que se contradice coas directrices da propia consellería, dispostas no Plan sectorial, e expostas no informe do enxeñeiro municipal que serviu de base para a alegación do 4 de xuño de 2008, e que di:

Estas alegacións e suxestións parten da premisa de aceptar e defender os obxectivos do Plan Viario Comarcal no seu conxunto e, nomeadamente, os aspectos singulares que afectan ao Concello de Cambre e ás súas relacións e comunicacións co conxunto metropolitano. O diferente tratamento para esta vía, proposto no estudo, e a eliminación de aspectos do Plan que eran básicos dende o punto de vista do seu funcionamento e que constituían algunhas das aspiracións municipais históricas, provocan que a decisión unánime de Cambre sexa que, de non se ter en conta as nosas propostas, consideremos que sería mellor opción a formulada na alegación da “Asociación Pro Urbanismo de Cambre”, na súa alegación de data 8 de maio e cunha corrección de erros de data 23 de maio de 2008, na que formulan a proposta de conectar a Vía Ártabra procedente de Oleiros coa AP-9 no intercambiador de Guísamo. Ademais de manter o enlace á AP-9 no contorno de Catro Camiños

(Cecebre) e aumentarlle as entradas en dirección Coruña, tal como reflicte o Plan Viario dende a súa xénese.

Segundo: Esixir á Xunta de Galicia a redacción inmediata do correspondente proxecto de obra no tramo dende a N-VI á A-6.

Terceiro: Dar traslado

- á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- a todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia
- a todas aquelas persoas e asociacións interesadas mediante un bando da Alcaldía”

A continuación, o Sr. alcalde informa que van pasar a tratar o seguinte punto da orde do día, o punto de Informes da Alcaldía. Entende que coa moción conxunta que se acaba de tratar, todos os grupos teñen presentado xa unha moción, e o resto de mocións presentadas entrarán na orde do día do seguinte pleno ordinario que teña lugar. Di que esta decisión está avaliada polo que di o Regulamento orgánico municipal.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles consideran que teñen presentado unha moción en tempo e forma, e consideran que son un grupo discriminado neste pleno, porque todos os grupos fixeron efectiva a súa moción, e EU queda sen debater a súa.

O Sr. alcalde contesta que non é así. A moción de UxC foi presentada cos trámites para incluírse na orde do día. A moción do BNG tamén debería terse incluído na orde do día, pero por un erro administrativo non se incluíu. Di que agora están no punto 7 dedicado ás mocións, e todos os grupos presentaron unha moción conxunta. Polo tanto, di que se ratifica, e que entende que cada grupo presentou a súa moción.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que entenden que as mocións de carácter colectivo non se poden entender como mocións de cada un dos grupos, e non pasa nada por discutir mocións que, dende logo, son bastante máis pacíficas e poden dar lugar a acordos de mellor forma que as que teñen tratado ata agora.

Pola súa parte, con independencia de que o regulamento estea así, tamén é certo que o regulamento pode modificarse. O que lle pide é condescendencia ante esa interpretación estrita pola súa parte, e que lles permita aos grupos que teñen presentado moción, lela e discutila.

O Sr. alcalde contesta que dadas as horas que son da noite, dadas as mocións presentadas, porque hai outra máis conxunta, dada a transcendencia que teñen esas mocións, e tendo en conta que a algunha lle falta moita documentación, el

comprométese a despois de Semana Santa convocar unha xunta de voceiros para tratalas, precisamente por esa documentación que falta, e deixar esas mocións para o pleno do mes de abril. Di que esa posibilidade llela outorga o regulamento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que insiste no mesmo, o seu grupo séntese totalmente discriminado por non poder ler a moción, pero non só hoxe, senón que xa se sentiu discriminado noutras ocasións, porque o Sr. alcalde aplica o regulamento segundo lle vai ben.

Lébralle que nunhas comisións informativas o seu grupo traía catro preguntas, ou rogos, e o Sr. alcalde reprochoulles, dicindo que tiñan que presentar só tres. El lébralle que segundo o regulamento están permitidas seis preguntas e seis rogos, e o Sr. alcalde só lles deixou ler tres, e ninguén dixo nada, estaba a secretaria ao lado do Sr. alcalde e tampouco dixo nada, aínda que o Regulamento orgánico municipal contempla seis iniciativas. Agora pasa o mesmo, pregunta como se van tomar isto. Cren que hai unha persecución ao seu grupo municipal, pero sobre todo polo calado que ten a moción que presentan hoxe. Rógalle que lles permita presentar a dita moción.

O Sr. alcalde contesta que el cando comete erros sabe pedir perdón, e pediulle perdón por aquel erro que cometeu nas comisións, e, por exemplo, onte nas comisións EU presentou cinco preguntas e ninguén lle dixo nada. Pediulle perdón no seu momento, porque ao ler o Regulamento orgánico municipal pensou que estaban limitadas a tres, a Sra. secretaria informoulle do seu erro e el despois pediu perdón. Igual que llo pediu naquel momento, volve pedirlo agora, porque foi un erro ao principio da lexislatura.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que non foi así, cre que foi no pleno de novembro, aínda que admite esas desculpas.

O Sr. alcalde manifesta que os grupos da oposición puxeron de moda o tema de presentar mocións conxuntas, e despois presentan tamén unha individual, e resulta que aquí hai grupos que presentan tres mocións, visto o cal, van a defenderse, porque senón, se mañá deciden presentar seis mocións conxuntas, teñen que ler esas seis mocións e despois unha individual por cada grupo.

Di que cre que hai que ser serios, e teñen que regular esta situación, por iso dixo que vai convocar á xunta de voceiros inmediatamente despois de Semana Santa, para tratar estes temas, porque el non quere este espectáculo no Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está absolutamente de acordo co Sr. alcalde en que hai que convocar unha xunta de voceiros, para determinar como se presentan as mocións e cales son as conxuntas e cales as individuais, pero iso vai ser a posteriori, así que lle pide que hoxe sirva como excepción e que lles permita debater a súa moción.

O Sr. alcalde manifesta que tanto á moción que presenta EU, como á moción que presenta o PSdeG-PSOE, fáltales documentación, por iso di que vai reunir a xunta de voceiros despois de Semana Santa, e que estas mocións entrarán na orde do día do pleno de abril.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que están falando dun tema importante, que é a fiscalización do grupo de goberno no pleno. Trátase de presentar iniciativas e consideran iso importante. O Sr. alcalde dixo que as mocións individuais de EU e PSOE están mal presentadas, que lles faltan cousas, en calquera caso, o pleno é soberano e pode votar a prol ou en contra.

Di que eles cren que teñen o dereito a que a moción se lea, e se os grupos infrinxen as normas ou asumen competencias que non son do pleno, o Sr. alcalde ten a potestade de determinar se ese asunto ten o tratamento de moción ou ten o tratamento de rogo, e así o entenden de acordo co informe emitido pola Secretaría municipal xa en dúas ocasións, e así o entende tamén o artigo 22 da Ley reguladora de bases de réxime local.

Piden ler a moción, se o Sr. alcalde di que é un rogo, entón poden tratalo como rogo e o alcalde é libre de aceptalo ou non. Di que así o entenden eles, e se non é así, está presente a Sra. secretaria que pode informar.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que un pleno tan tenso como este permite ser un pouco xocoso e como alguén se queixou de que os concelleiros da oposición non se gañan as súas asistencias aos plenos, entón pide que os deixen traballar, que lles deixen gañar a asistencia a este pleno permitíndolles ler as súas mocións, en concreto a que o PSOE presentou cren que é unha moción importante, interesante, e que obedece a unhas medidas que se tomaron ultimamente pola Xunta, polo que parece o momento oportuno para tratala, sobre todo para intentar acelerar un proceso no que cre que todos van a estar de acordo. Di que está falando da optimización da parcela municipal no Temple.

O Sr. alcalde pide que non lle lea a proposta porque o mete nun compromiso, porque el o regulamento o aplica para todo o mundo, non o aplica para un só. Como xa dixo, fálta-lle documentación, xa que esa proposta non se pode facer, porque non se pode volver atrás.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que faltarán información, pero non documentación, pero que para iso está o Sr. alcalde, para alegar o criterio do equipo de goberno e dicir o que hai. En todo caso, el reitera a súa demanda de poder ler a moción.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que hai unha moción conxunta presentada que tiña que ler el, e xa non é só polos políticos, senón polas traballadoras da Galiña Azul, que puideron estar aguantando tres ou catro horas aquí, e agora dinlles que non, que se vaian para casa, que se le o mes que vén.

O Sr. alcalde reitera que non lle marque os tempos, nin lle dea explicacións da moción. El sabe cal é o regulamento, e repetiullelo sistematicamente. Durante os primeiros plenos deixouse levar, e cada vez que pasaba iso, os outros grupos engadían cousas. Di que el repetiu nas últimas tres ou catro xuntas de voceiros que por favor presentaran unha moción por grupo, agora resulta que presentan unha moción conxunta, despois unha de grupo, despois outra conxunta, outra de grupo, Pídelles que sexan serios, e por iso lles di que a situación require unha xunta de voceiros urxente, porque, ademais, despois cada grupo ten tres rogos e tres preguntas.

Continúa dicindo que se a el o regulamento lle outorga a potestade de deixalo para o seguinte pleno, así van facelo, e así recabarán a información, ou a documentación, que requiren tanto a moción do PSOE como a de EU, e incluso a do BNG, porque ao mellor non teñen información suficiente.

Don Alfredo Rodríguez Abella pregunta polo respecto aos veciños, e se iso é o que pensa o PP dos veciños, e de que veñan ao pleno.

O Sr. alcalde contesta que está tomada a decisión e que van pasar ao seguinte punto.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que el lle pediu unha clarificación á secretaria, preguntoulle se a moción se pode interpretar como un rogo, e quere que lle conteste, para poder lela.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que en nome do seu grupo el quere que conste en acta que dende que comezou esta lexislatura o alcalde foi flexible con todas as iniciativas, especialmente coas mocións, porque saben que xa nas pasadas lexislaturas houbo problemas ao interpretar que eran as mocións. O criterio da secretaria está absolutamente claro sobre o que é unha moción ou non. En estes oito ou nove meses o Sr. alcalde admitiu e foi máis que flexible, porque radicalmente incumpriu o que di o regulamento, para permitirlles a todos os grupos presentar mocións que non son mocións, certo é que igual que fixeron con eles na pasada lexislatura.

Di que en tres ou catro xuntas de voceiros o alcalde propuxo que se fixaran uns criterios. A el parécelle unha completa desvergonza que o Regulamento orgánico municipal diga que cada grupo presenta unha moción, e aquí cada grupo está presentando tres mocións. Se queren fixar uns criterios poden fixalos nunha xunta de voceiros, por iso apoian a decisión do Sr. alcalde.

Conclúe dicindo que hai que deixar este tema para a xunta de voceiros, e se non chegan a un acordo, o alcalde será o que teña que interpretar se hai unha moción, dúas ou tres. O que tiñan que facer é chegar a ese acordo, acordo ao que aínda non se chegou a pesar das tres ou catro propostas que fixo o alcalde.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que parece que, en principio, é un compromiso reunirse os voceiros e abordar este tema, o que lle gustaría saber é se aínda teñen o compromiso do que falaron antes, de facer un grupo de traballo para o tema da Vía Ártabra, cousa que o Sr. alcalde non contestou ao final.

Di que a eles gustaríaalles que se leran todas as mocións que faltan, sen dúbida ningunha. Rógalle ao Sr. alcalde que rectifique na súa declaración de que é unha “moda” o tema das mocións conxuntas. Non é unha moda, senón que é un dereito.

O Sr. alcalde responde que rectifica, non é unha moda, é un uso, unha forma de facelo. Di que é un tema que hai que discutir e que hai cousas que os grupos presentan como moción e realmente son un rogo, iso é o que hai que discutir na xunta de voceiros.

Continúa dicindo que o Regulamento orgánico municipal, que non o redactou el, e que se pode modificar mediante acordo plenario, dálle a potestade de deixar estas mocións para o próximo pleno, e iso van facer, pasar ao próximo punto da orde do día.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el tamén solicita que se lean as mocións. Di que nos dez minutos que levan falando disto, xa terían lido esas dúas mocións. Pide máis diálogo, máis tolerancia, recórdalle que están en minoría e que poden modificar o Regulamento orgánico municipal. O Sr. alcalde ten a potestade de deixar ler e tratar as mocións, e el saberá como quere quedar ante o pobo, como un alcalde dialogante ou como un alcalde pouco tolerante.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que a ela gustaríalle insistir no que dixo o Sr. Baamonde, o regulamento non di que só se poida presentar unha moción, o que di é que o “alcalde poderá limitar”. Sinala que se trata dunha elección de oportunidade do Sr. alcalde decidir se o limita ou non, é el quen ten a potestade de decidir se permite a democracia e permite que todos poidan presentar as iniciativas, como en calquera outro concello onde se debaten cinco, seis ou sete propostas. Quizais o discutible non é que o Sr. alcalde teña a potestade de limitar, senón que exista esa limitación no regulamento, iso é o que é discutible dende unha perspectiva democrática.

Conclúe dicindo que, por suposto, que non teña dúbida que van a discutir dese punto. Presentarán unha reforma do regulamento, pero, en calquera caso, que quede claro que é unha decisión que toma o Sr. alcalde, o regulamento en ningún caso limita.

O Sr. alcalde manifesta que, efectivamente, o regulamento non o limita, el xa o dixo, o regulamento o que lle outorga é a potestade de facelo.

Dona Margarita Iglesias Pais di que é unha corrección ao Sr. Andreu. En canto ao informe da secretaria haberá que debatilo, porque ao mellor non están de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que con todo o seu respecto aos veciños de Cambre e á Corporación, os concelleiros do seu grupo, dado que non se lles permite ler a moción, auséntanse do pleno.

Cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, auséntanse da sesión os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM.

8º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 303 de data 28 de febreiro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama dende o día 3 ao 11 de marzo de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito do Defensor do Pobo, rexistrado de entrada ao núm. 3578 o día 15 de marzo de 2012, en contestación ao acordo plenario de data 23 de febreiro de 2012, que lle foi remitido, relativo á aprobación da moción conxunta dos grupos municipais do Concello de Cambre en solidariedade, apoio, colaboración e impulso a prol da garda e custodia compartida.

- Do escrito do presidente do Senado, rexistrado de entrada ao núm. 3921 o día 22 de marzo de 2012, no que comunica que deu traslado da certificación do acordo adoptado polo pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2012, en relación coa garda e custodia compartida, aos voceiros dos grupos parlamentarios.

- Do escrito da Fiscalía do Tribunal Supremo, rexistrado de entrada ao núm. 3922 o día 22 de marzo de 2012, no que en relación co acordo plenario de 23 de febreiro de 2012, en solidariedade, apoio, colaboración e impulso a prol da garda e custodia compartida, comunica que a sección do civil da Fiscalía do Tribunal Supremo, nos seus ditames ante a sala primeira, defende na medida que a lexislación o permite a custodia compartida, e está a prol dunha reforma lexislativa nese sentido.

- Do escrito da Fiscalía Xeral do Estado, Secretaria Técnica, rexistrado de entrada ao núm. 4008 o día 23 de marzo de 2012, no que acusa recibo da certificación do acordo plenario de data 23 de febreiro de 2012, relativo á aprobación da moción conxunta dos grupos municipais do Concello de Cambre en solidariedade, apoio, colaboración e impulso a prol da garda e custodia compartida.

- Do informe da Intervención municipal, de data 22 de marzo de 2012, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Do informe de Tesourería Municipal, de data 23 de marzo de 2012, sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao cuarto trimestre do ano 2011.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- o Os pagamentos realizados no trimestre natural (anexo 1)
- o As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final del (anexo 2)
- o As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (anexo 2)

Non se satisfixeron xuros de demora.

- Do informe da Intervención municipal, de data 15 de marzo de 2012, sobre o cumprimento da obriga de información prevista no Real decreto lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.

9º Rogos e preguntas

Este punto non se tratou, ao non estar presentes ningún dos concelleiros dos grupos municipais que formularon rogos e preguntas, segundo se recolle a continuación:

- grupo municipal do PSdeG-PSOE: tres rogos e tres preguntas
- grupo municipal de UxC: dous rogos e unha pregunta
- grupo municipal de EU: tres rogos e tres preguntas
- grupo municipal do BNG: dúas preguntas

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia